

Esercitazioni di lingua galega (3)



Pedro Basalo Bembibre
Università degli Studi di Padova
pedro.basalobembibre@unipd.it

DEPORTES

RTVE ofrecerá por primeira vez a narración en galego dos partidos da selección española

A transmisión deportiva ofrecerá a opción de escoller a lingua galega mediante a segunda pista de audio dos televisores.



REPASO

- Hai tempos compostos nos verbos en galego?
- Normalmente, onde se coloca o pronome en galego: antes ou despois do verbo?
- Están ben escritas as seguintes palabras?

Linguista, genial, splendor, yogur, zervexa, pugno, adolescente, liquor, tradución, gigante, xullo, homenage, xeado, dunha, kilo

EXERCICIO PARA DELETREAR

- Esercizio 1 (p. 28, *Primo corso di galego*)

Le e deletrea as seguintes palabras:

Galicia, ningunha, chámome, guerreiro, viaxe, axeitado, gústalle, doce, taxi, praia, instituto, traducir, práctica, xogos, compañeiro, traballar, madrileño, oso, praza, muralla, zapato, algunha, exclamación, pais, país, quince, necesidade, éxito, dez, xantar.

Recordade que os nomes das letras son masculinos!

EXERCICIO PRESENTE DE SER E TER

Completa os ocos co presente do verbo ser ou ter que corresponda:

- Ti unha casa moi bonita en Venecia. Que sorte!
- Ela moi lista e aproba todos os exames.
- Nós do norte de Italia e imos de vacacións ao lago de Garda.
- Vostedes moi educados e amables.
- Vós unha granxa con vacas.
- Eu gana de aprender a conxugación dos verbos en galego.
- Elas simpáticas con todo o mundo.
- Vostede un reloxo suízo?
- Eles que estudar máis.


NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA




Xabarín Club TyG



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



ARTIGO DETERMINADO

- Determinado: **o** gato, **a** gata, **os** gatos, **as** gatas

- Segunda forma do artigo (**lo**, **la**, **los**, **las**) →

Obrigatoria **na pronuncia** despois dun infinitivo e con algunhas prep. e indefin.

ESCRITA: Beber a auga / Bebe-la auga → PRONUNCIA: Bebe-la auga

ESCRITA: Todos os días / Tódolos días → PRONUNCIA: Tódolos días

- Non é infrecuente que o artigo acompañe un nome propio: o Xoán / a María

O XÉNERO (substantivos)

REGRA XERAL

- o → Masculino / -a → Feminino [hai excepcións: o mapa, a radio]
Amigo → Amiga Gato → Gata || Irmán → Irmá León → Leoa
- 2) -ista / -ante → Os dous xéneros → O / A estudante || O / A pianista

MASCULINO

- 3) -ema, -ote, -me, -ume → Masculino (problema, pote, cume, costume) [agás: a glote, a servidume]

FEMININO

- 4) -axe → Feminino [excepto traxe, paxe, garaxe] || Personaxe → Pode ser masculino ou feminino
-se, -ite, -ade, -ude → Femininos (análise, hepatite, vontade, bondade, saúde, virtude)

- 5) a- tónico → a auga, a aguia, a aрте, a alma

- 4) Ollo co feminino dalgunhas profesións: presidenta, médica, avogada...

- dor / -dora → xogadora -tor / -tora → tradutora, directora [excepcións: actriz, emperatriz]

EXERCICIO SOBRE ARTIGO DETERM.

- Exercicio 1 (p. 41, *Primo curso di galego*)

Completa co artigo determinado mantendo a concordancia co substantivo [hai 4 substantivos que aceptan dúas posibilidades]:

... amigo	... xogo	... col	... enciclopedia	... home
... estrada	... irmán	... lapis	... zoo	... ponte
... ximnasio	... luns	... cama	... fonte	... ordenadores
... autobús	... descontos	... xiz	... apuntamentos	... estudantes
... encerado	... fútbol	... galegos	... legumes	... túnel
... lúa	... mel	... sal	... xogadoras	... costumes
... paz	... arte	... análise	... personaxe	... moto

COMPARACIÓN ITALIANO-GALEGO

N e *L* intervocálicos → Redución

- Consoantes dobres (anno, danno, gallo, martello...)
- Consoante simple (finestra, vena, cena, perdonare, donare, luna, moneta, ala, pala, palo, tela, candela...)

Ditongo *AU* do latín:

- En italiano *O* || En galego *OU* (moro, tesoro, toro, oro, cosa...)

Tres vídeos do Dígocho Eu sobre pronuncia



1) #DígochoEu Dous trucos para pronunciar o *n* velar

<https://youtu.be/ifrqRtqZHQc>

2) #DígochoEu Como se pronuncia o *ll*?

https://youtu.be/mUEU_1TAhpI

Vídeo sobre as pronuncias do “x” en galego



#DígochoEu Aprende a pronunciar o X!

<https://youtu.be/XRdtMWVCZrQ>